
MONCHO E A MANCHA

Texto e ilustracións de KIKO DA SILVA

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 48 páx. 14 €

Moncho e a mancha (galego)

ISBN 978-84-1343-098-0. Álbum ilustrado. Demademora.

Moncho y la mancha (castelán)

ISBN 978-84-1343-099-7. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Moncho e a mancha (portugués)



ISBN 978-972-8781-04-0. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

A Moncho gústáballe moito debuxar: dun triángulo facía un monte; dun cadrado, unha casa; dun círculo, unha cara...

Ao pequeno Moncho gústalle pintalo todo: a cama, o mantel, a neveira e mesmo o seu propio avó... Logo dunha intensa xornada creativa, empéñase en averiguar o significado dunha mancha de pintura negra que descobre nun papel en branco. Ese borrancho parece transformarse a ollos de quen deixe voar a súa imaxinación pero, na súa teimosa busca, Moncho non atopa ninguén capaz de darlle unha resposta.

Kiko Da Silva constrúe un relato divertido e de gran calado que, cunha interesante proposta gráfica de moito colorido e impacto visual, aproxímanos ao mundo da arte e á alma do artista. Cada ilustración é unha escultura feita con cerámica e cemento policromado destinada a suxerir as distintas interpretacións que pode ter unha *simple* mancha.

Vinte anos despois da creación desta obra que achegaba un novo concepto de ilustración a través da súa tridimensionalidade, este libro segue totalmente vixente e sorprendendo tanto ou máis que antano polos seus personaxes, que parecen ter vida propia. Nunha segunda lectura, «Moncho e a mancha» tamén representa unha metáfora da arte contemporánea, que pode resultar difícil de entender para moitas persoas.



■ **Temática:** arte, creatividade, imaxinación.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** exercitar a imaxinación desenvolvendo novos obxectos a partir de formas abstractas, plástica creativa; ilustracións en relevo; do ilustrador de «[Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis](#)» (Kalandraka); en KALANDRAKA TV:

<https://kalandraka.tv/gl/videos/kiko-da-silva/>

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/moncho-e-a-mancha-g>

Kiko Da Silva

(Vigo, 1979)

Artista plástico, autor de banda deseñada, ilustrador e editor, licenciouse na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, na especialidade de Pintura. Iniciou a súa traxectoria profesional en 1998. Dende entón creou e dirixiu as revistas de banda deseñada *BD Banda* (premio ao mejor fanzine do Salón do Cómic de Barcelona 2007), *Fiz e Retranca* (Premio do público no Salón do Cómic de Barcelona 2007 e Premio Ourense á Mellor Iniciativa de Banda Deseñada 2010). Tamén foi colaborador da revista *El Jueves*. Recibiu, entre outros recoñecementos, o 1º Premio de Cómic de Ourense (1996), o Premio Internacional de Humor Gráfico de Porto e o Premio Castelao de Banda Deseñada (2014). Foi becado en 2011 pola Fundación Arte y Derecho. Actualmente colabora con El Correo Gallego realizando viñetas de humor gráfico, ademais de dirixir e impartir clases na Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración *O Garaxe Hermético*, en Pontevedra.

<http://kikodasilva.blogspot.com>

<https://www.ogaraxehermetico.com>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
